



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Público de Infantil e Primaria

"HUMBERTO JUANES"

Rúa Curros Enríquez, nº 2 (Vilameán)
36350 Nigrán



886110378 -- 886110379



ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceiphumbertojuanes>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

LINGUA CASTELÁ

CURSO:

6º EP

ANO ACADÉMICO:

2020/21

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. CONTEXTO: | 3 |
| 1.1 CENTRO: | 3 |
| 1.2 ALUMNADO: | 3 |
| 2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO: | 4 |
| 3. TEMPORALIZACIÓN: | 5 |
| 3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20: | 5 |
| 4. METODOLOXÍA: | 10 |
| 4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL: | 10 |
| 4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL: | 12 |
| 5. AVALIACIÓN: | 14 |
| 5.1 AVALIACIÓN INICIAL: | 14 |
| 5.2 AVALIACIÓN CONTINUA: | 14 |
| 6. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO: | 15 |
| 7. SECUENCIACIÓN: | 17 |
| 8. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: | 34 |
| 9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE: | 39 |
| 9.1 INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO: | 39 |
| 9.2 INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE: | 40 |
| 9.3 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA : | 41 |
| 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: | 42 |
| 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES: | 43 |

1. CONTEXTO:

1.1 CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

Ensinanzas que oferta:

O centro oferta as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, e conta con dúas liñas en tódolos niveis.

Características singulares:

O centro ven desenvolvendo desde fai anos un intercambio internacional co colexio Sant Johns de Manchester, no que está implicado todo o alumnado dos niveis de quinto e sexto de Primaria.

1.2 ALUMNADO:

No nivel de sexto de Primaria están matriculados 51 alumnos, 27 nenas e 24 nenos. Temos dúas alumnas novas e un alumno novo; dentro do plan de acollida do novo alumnado, as titoras reunímonos con eles e as súas familias antes do comezo do curso, coa finalidade de amosarlles o centro, as súas aulas e comentar algúns aspectos dos proxectos que se desenvolven no colexio.

En total hai nove alumnos/as que repetiron algún curso na etapa; ademais hai alumnos que teñen algunha materia pendente do curso anterior, e un/unha alumno/a conta con ACS na maioría das materias. Estes/as alumnos/as reciben apoio por parte da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

En xeral, en ámbolos dous grupos hai diferentes graos de desenvolvemento competencial, polo que durante o curso, mesturamos as actividades de reforzo, especialmente na comprensión lectora, razoamento matemático e estratexias de cálculo, co enriquecemento curricular en todas as áreas, especialmente nas ciencias.

2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO:

| | |
|---|---|
| a | Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. |
| b | Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. |
| c | Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. |
| d | Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. |
| e | Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. |
| f | Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e |
| g | Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá. |
| h | Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. |
| i | Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. |
| j | Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. |
| k | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. |
| l | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. |
| m | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |
| n | Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. |
| o | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

3. TEMPORALIZACIÓN:

3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20:

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Os contidos que se detallan a continuación traballaranse de xeito continuado durante todo o curso:

B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.

B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.

B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.

B1.4. Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais.

B1.5. Valoración dos contidos transmitidos polo texto. Dedución das palabras polo contexto. Ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.

B1.6. Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.

B1.7. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.

B1.9. Identificación da finalidade comunicativa de textos de diferentes tipoloxías: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos) Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.

B1.10. Expresión e produción de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos.

B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.

B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e

aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas.
Comentario oral e xuízo persoal.

B2.1. Consolidación do sistema de lectoescritura.

B2.2. Lectura en voz alta de distintos tipos de texto.

B2.3. Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía.

B2.4. Audición de diferentes tipos de textos.

B2.5. Lectura, en silencio, e comprensión de distintos tipos de texto.

B2.6. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto. B2.7. Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía.

B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.

B2.9. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.10. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.

B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe

B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.

B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.

B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe.

B2.14. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.

B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación.

B3.4. Orde e presentación.

B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función,

destinatario, estrutura...).

B3.6. Revisión e mellora do texto.

B3.7. Realización de ditados.

B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación e parénteses).Acentuación.

B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic

B3.9. Producción de textos segundo o Plan de escritura. B4.1. A palabra.

B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións).

B4.4. Vocabulario: sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos.

B4.8 Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. Siglas e abreviaturas.

B4.12. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.

B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.

B5.3. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

B5.4. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.

B.5.5. Identificación de recursos literarios.

B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

1ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|---|------------------------------|---|-------------------------|
| | | | Mes | Número de sesións |
| | | | 9 12 | ao |
| UD. 1 | B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical. B4.10. Utilización adecuada dos signos de puntuación. Xéneros literarios Elementos da comunicación Textos instrutivos | NETEX | CADA UNIDADE DESENVOLVERASE EN 6-7 SESIÓNs. | |
| UD. 2 | B4.10. Utilización adecuada dos signos de puntuación. B4.13. As variedades da lingua. B4.14. Coñecemento xeral de realidade plurilingüe de España e a súa valoración como fonte de enriquecemento persoal e como unha mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural. Sinónimos e antónimos Aliteración e anáfora Textos normativos | | | |
| UD. 3 | B4.9. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos. Polisemia e homonimia Epíteto e antítesis Textos persuasivos | | | |
| UD. 4 | B4.8. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Significado literal e figurado Frases feitas Determinantes Pronomes Textos informativos | | | |

2ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|--|------------------------------|--|-------------------------|
| | | | Mes | Número de sesións |
| | | | 1 ao 3 | |
| UD. 5 | B4.8. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. B4.11. As relacións gramaticais. Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal. B5.2. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países. Familia de palabras Campo semántico Mitos, lendas e fábulas O adxectivo O texto literario | NETEX | CADA UNIDADE DESENVOLVERASE EN 6-7 SESIÓNS | |
| UD. 6 | B4.3. Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes. Tabú e eufemismo Contos e novelas O til diacrítico Textos narrativos | | | |
| UD. 7 | B4.3. Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes. Sufixos e prefixos Métrica e rima dos poemas Acentuación de interrogativos e exclamativos Textos descritivos | | | |
| UD. 8 | Formación de palabras Versos de arte maior e menor Estrofas O adverbio Uso de g/j Textos argumentativos | | | |

3ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|---|------------------------------|-----------------|-------------------------|
| | | | Mes | Número de sesións |
| | | | 4 ao 6 | |
| UD. 9 | B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados Siglas e abreviaturas Poemas Palabras invariables Uso de b/v Textos expositivos | | | |

| | | | |
|---------------|--|--------------|---|
| UD. 10 | B1.8. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. Arcaísmos e neoloxismos | NETEX | CADA UNIDADE DESENVOLVERASE EN 6-7 SESIÓNS |
| UD. 11 | B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal e puntuación. B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios Préstamos Uso de x/s | | |
| UD. 12 | B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais (de orde, contraste e explicación) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) coma léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos). Uso de ll/y Coloquialismos e vulgarismos Subliñado, esquema e resumo | | |

4. METODOLOXÍA:

4.1 METODOLOXÍA PRESENCIAL:

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúaase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

As titoras, partindo dos recursos que ofrece a plataforma para cada unha das materias (editoriais NETEX, NETEX SMARTCLASSROOM, EDEBÉ, DIXIT e AULA PLANETA), escolleremos en cada unidade aqueles contidos que máis se axusten para acadar os estándares en cada área, así coma outros recursos dispoñibles no repertorio Abalar ou na rede, ou recursos de creación propia. De todos modos, partimos dunha primeira selección (véxase o apartado contidos deste documento), pero incorporamos en cada unidade información e actividades de diversas fontes.

- **Estratexias metodolóxicas:**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste

proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco lexislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.**

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se afrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula:**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo
- Pequenos grupos: “equipos” (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).
- Parellas
- Individualmente

- **Tempos:**

A área de lingua castelá conta con 4 sesións no horario semanal, repartidas ao longo da semana.

- **Espazos:**

As clases de lingua castelá terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio, radio, biblioteca, ou nalgunha saída, de xeito puntual.

4.2 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corríxilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cal xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos:

- Gran grupo
- Pequenos grupos (**esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo**).
- Parellas
- Individualmente

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de coñecementos previos (sírvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

5. AVALIACIÓN:

5.1 AVALIACIÓN INICIAL:

Durante a segunda semana do curso (16-20 de setembro) levouse a cabo as diferentes probas da avaliación inicial. O obxectivo destas probas foi comprobar o nivel de desenvolvemento das destrezas básicas das áreas instrumentais, por ser claves na adquisición dos coñecementos do resto das materias do currículo. Estas probas estiveron centradas na comprensión lectora, estratexias de cálculo, expresión escrita, e razoamento matemático.

Os resultados en ambos grupos reflicten niveis de desenvolvemento das competencias moi diferentes: arredor da metade do grupo amosa un baixo nivel de desenvolvemento, mentres que hai outro grupo con un desenvolvemento medio e moderadamente alto.

Como consecuencia destes resultados, recolleemos na programación a necesidade de reforzar as destrezas básicas nas áreas instrumentais, reforzando as actividades de repaso tanto do nivel de sexto como do nivel anterior, e ao mesmo tempo ofrecer un enriquecemento curricular para alimentar a curiosidade por aprender do noso alumnado e fomentar a autonomía e a iniciativa na busca de información, a través de traballos de investigación e exposicións orais na aula.

5.2 AVALIACIÓN CONTINUA:

O nivel de sexto de primaria está marcado por ser o final da etapa e o paso do noso alumnado ao instituto, con todos os cambios e adaptacións que este feito conleva. Por ese motivo e para facilitar que o cambio non sexa percibido como un feito brusco, este curso planificamos unha serie de cambios para ir adaptando ao grupo a este cambio.

Nas áreas instrumentais, nas que o número de unidades é maior, as probas escritas realizaranse, sempre que os contidos o permitan, cada dúas unidades. Coa mesma periodicidade Terán que entregar o caderno da materia para a súa revisión.

Nas áreas de ciencias, tendo en conta a densidade de cada unidade, as probas escritas realizaranse ao finalizar cada unidade; dependendo do interese do alumnado na unidade, proporemos a realización dun traballo de investigación coa finalidade de que se expoña na aula. Tamén Terán que entregar o caderno ao finalizar cada unidade.

Ademais, o traballo diario, a realización das tarefas así como a colaboración de cada alumno/a no desenvolvemento das clases será recollido no caderno da profesora.

Outra fonte de información para completar a avaliación cada trimestre será o caderno do equipo dentro do traballo cooperativo, no que se terá en conta tanto a coavaliación como a autoavaliación que realicen os integrantes do grupo.

6. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II
 - **CRITERIO NUMÉRICO:**
 - Con 1 materia non superada: Promociona
 - A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.
 - **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**
 - 1-Nada de acordo
 - 2- Pouco
 - 3-Bastante
 - 4- Moi de acordo

| <u>CRITERIO</u> | Non promociona | | Promociona | |
|--|----------------|---|----------------|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?* | | | | |
| 1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?* | | | | |
| 2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n | | | | |
| 3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática? | | | | |
| | Promociona | | Non promociona | |
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento? | | | | |
| 5. Está integrado no seu grupo? | | | | |
| 6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel? | | | | |

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

- 1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.*
- 2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- 3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unhasoa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio*
- 4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.*
- 5. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.*

• **PROPOSTA MENCIÓN HONORÍFICA:**

Otorgación de mención honorífica ao alumnado que teña de media en primaria 9.00 ou máis.

7. SECUENCIACIÓN:

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <u>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 6º</u> (PERFIL DE ÁREA) | TEMPORALIZACIÓN | | | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | Peso (porcentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|-----------------|----|----|---|--|-------------------|--------------------|
| | 1ª | 2ª | 3ª | | | | |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR: 25% | | | | | | | |
| LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica). | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Intercambios orais Diario de clase Caderno de | Emprega a lingua oral axustándose á norma lingüística. | 1% | CCL CAA CSC |
| LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección. | X | X | X | | Expresa as súas ideas con claridade e corrección. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.1.3. escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais. | X | X | X | | Atende as quendas de palabra con respecto. | 1% | CCL CAA CSC |

| | | | | | | | |
|--|---|---|---|---|---|------|----------------------------------|
| LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía. | X | X | X | clase Resolución de actividades Probas específicas Textos escritos | Intervén nos intercambios orais respectando as normas sociocomunicativas. | 1% | CCL CAA CSC |
| LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais . | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Registro anecdótico Intercambios orais Diario de clase Caderno de clase Resolución de actividades Probas específicas | Exprésase oralmente utilizando recursos lingüísticos e xestuais. | 0,6% | CCL |
| LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. | X | X | X | | Fala cunha pronunciación, entoación e volumen axeitado. | 1% | CCL |
| LCB1.3.2. Expressa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. | X | X | X | | Expressa as súas ideas con claridade e sen repeticións. | 1% | CCL |
| LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -Debates e diálogos. -Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación. | X | X | X | | Participa nos intercambios orais. | 1% | CCL CD CAA CSC CSIEE |
| LCB1.3.4. Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. | X | X | X | | Participa activamente no desenvolvemento de traballo cooperativo. | 1% | CCL CAA CSC CSIEE |

| | | | | | | | |
|--|---|---|---|--|--|----|------------|
| LCB1.4.1. Aмосa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | Textos escritos | Escoita con respecto as intervencións dos demais. | 1% | CCL |
| LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. | X | X | X | | Entende a información dun texto oral. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.4.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións). | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Intercambios orais Diario de clase Caderno de clase Resolución de actividades Probas específicas | Comprende o sentido do léxico dun texto. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe. | X | X | X | | Exprésase cun vocabulario apropiado á súa idade. | 1% | CCL |
| LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas). | X | X | X | | Interpreta o significado das palabras polo contexto. | 1% | CCL |
| LCB1.6.1. Identifica o tema do texto. | X | X | X | | Identifica o tema dun texto. | 1% | CCL |
| LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto. | X | X | X | | Extrae as ideas principais dun texto. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias. | X | X | X | | Resume o contido principal dun texto. | 1% | CCL CCA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|--|------|----------------------------------|
| LCB1.7.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. | X | X | X | Textos escritos | Reproduce de memoria textos breves. | 0,6% | CCL CAA CCEC |
| LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas. | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Intercambios orais Diario de clase Caderno de clase Resolución de actividades Probas específicas Textos escritos | Leva a cabo as instrucións dadas nunha actividade. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.8.2. Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais. | X | X | X | | Responde de forma correcta a preguntas sobre un texto. | 1% | CCL CAA |
| LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva. | X | X | X | | Utiliza a información recibida para realizar as actividades. | 0,6% | CCL CD CAA CSC CSIEE |
| LCB1.9.1. Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | X | X | X | | Produce textos orais breves seguindo un modelo. | 0,6% | CCL |
| LCB1.9.2. Recordar algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésalas oralmente en resposta a preguntas directas. | X | X | X | | Retén información dun texto oral. | 0,6% | CCL CCA |

| | | | | | | | |
|--|---|---|---|--|---|------|----------------------------|
| LCB1.9.3. Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes. | X | X | X | | Planifica os discursos utilizando os recursos lingüísticos axeitados. | 1% | CCL CAA CSIEE |
| LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal. | X | X | X | | Emprega a linguaxe oral de forma axeitada. | 0,6% | CCL CAA CSC CSIEE |
| LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet. | X | X | X | | Elabora resumos de textos orais. | 0,6% | CCL CD CAA CSC |
| LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos. | X | X | X | | Elabora unha noticia relacionada coa súa realidade axustándose a un modelo. | 0,6% | CCL CSC |
| LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos. | X | | | | Produce un texto informativo seguindo un modelo. | 0,6% | CCL CAA CSIEE |
| LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese. | X | | | | Realiza unha reportaxe seguindo o modelo. | 0,6% | CCL CAA CSIEE |

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER: 25%

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|--|--|------|------------|
| LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. | X | X | X | | Le cunha velocidade, pronunciación e entoación apropiados á idade. | 2% | CCL |
| LCB2.1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras. | X | X | X | | Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras. | 2% | CCL |
| LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta. | X | X | X | <p>Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <p>Lista de control</p> <p>Rexistro anecdótico</p> <p>Intercambios orais</p> <p>Diario de clase</p> <p>Caderno de clase</p> | Comprende a información contida nun texto escrito. | 2% | CCL CAA |
| LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | X | X | X | | Distingue a intención comunicativa e comprende diferentes tipos de textos. | 2% | CCL CAA |
| LCB2.3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. | X | X | X | | Le en silencio diferentes tipos de textos. | 0,5% | CCL |
| LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos. | X | X | X | Elabora resumos breves de textos lidos previamente. | 0,5% | CCL | |

| | | | | | | | |
|--|---|---|---|--|---|------|------------|
| LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática. | X | X | X | Resolución de actividades Probas específicas | Capta a intención de diferentes textos. | 0,5% | CCL CAA |
| LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto. | X | X | X | Textos escritos | Produce resumos de textos lidos identificando os elementos característicos. | 2% | CCL CAA |
| LCB2.4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto. | X | X | X | | Recoñece algún elemento de cohesión nos textos. | 0,5% | CCL |
| LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos. | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: Lista de control Rexistro anecdótico Intercambios orais Diario de clase Caderno de | Elabora esquemas de textos. | 2% | CCL |
| LCB2.5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións. | X | X | X | | Interpreta o título e ilustracións dun texto. | 0,5% | CCL CAA |
| LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global. | X | X | X | | Identifica as palabras clave dun texto. | 0,5% | CCL CAA |
| LCB2.5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. | X | X | X | | Evoca coñecementos previos relacionados cun texto. | 0,5% | CCL CAA |
| LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses. | X | X | X | | Realiza hipóteses. | 0,5% | CCL CAA |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|--|--------------------|---------------|
| LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes. | X | X | X | clase | Comprende a información dun gráfico. | 0,5% | CCL CMCT CAA | |
| LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos. | X | X | X | Resolución de actividades Probas específicas | Interpreta esquemas e mapas conceptuais. | 0,5% | CCL CAA | |
| LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos. | X | X | X | Textos escritos | Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos. | 0,5% | CCL CAA CSIEE | |
| LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra. | X | X | X | Ao longo do curso combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación: | Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra. | 0,5% | CCL CAA CSIEE | |
| LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo. | X | X | X | | Lista de control | Consulta diferentes fontes bibliográficas para realizar traballos. | 0,5% | CCL CD CAA |
| LCB2.8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto. | X | X | X | | Rexistro anecdótico | Deduce o significado de palabras polo contexto. | 0,5% | CCL CAA |
